

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE XULLO DE 2012.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:15 horas do día vinte e seis de xullo de dous mil doce, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de Goberno Local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 31/05/2012, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observacións á mesma. Sinálase a necesidade de rectificación no título do punto 4.2.5.- do contrato menor para compra venta de material para ximnasio municipal onde di privado debe dicir subministro en rectificación de erro material. A Xunta de Goberno Local queda enterada e acorda por unanimidade:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 31/05/2012 coa rectificación sinalada.

2.- ESCRITOS CHEGAOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SERVIZO DE PROMOCIÓN DO EMPREGO, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (MEDIO AMBIENTE)

Pola secretaria dase conta do escrito remitido do Servizo de Promoción do Emprego, Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, con rexistro de entrada neste concello co nº 1055 con data 06/07/2012, no que se comunica a concesión de subvención Expte.: TR351A 2012/32-1 para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais, segundo as seguintes características:

Servizo subvencionado: Medio ambiente

Importe total da subvención concedida: 5.967,60 euros.

Data de inicio	Núm. Traba	Ocupación	Grupo Cotizac.	Modalidade contractual	Duración contrato (meses)	Xornada (%)	Custos Subvenc. S. Social	Custos Salariais Subvenc.
Antes do 02/10/12	2	Peón	10	Obra/Servizo (interese social)	4	50	1.505,84	4.461,76
					TOTAIS		1.505,84	4.461,76

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan iniciar os trámites para súa tramitación.

2.1.2.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SERVIZO DE PROMOCIÓN DO EMPREGO, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (SERVIZO PERSONALIZADO DE APOIO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MAIORES)

Pola secretaria dase conta do escrito remitido do Servizo de Promoción do Emprego, Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, con rexistro de entrada neste concello co nº 1056 con data 06/07/2012, no que se comunica a concesión de subvención Expte.: TR351A 2012/31-1 para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais, segundo as seguintes características:

Servizo subvencionado: Servizo personalizado de apoio a persoas con discapacidade e maiores
 Importe total da subvención concedida: 2.420,52 euros.

Data de inicio	Núm. Traba	Ocupación	Grupo Cotizac.	Modalidade contractual	Duración contrato (meses)	Xornada (%)	Custos Subvenc. S. Social	Custos Salariais Subvenc.
Antes do 02/10/12	1	Axuda domicilio	9	Obra/Servizo (interese social)	4	50	636,80	1.783,72
					TOTAIS		636,80	1.783,72

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan iniciar os trámites para súa tramitación.

2.1.3.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SERVIZO DE PROMOCIÓN DO EMPREGO, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (SOCORRISTA)

Pola secretaria dase conta do escrito remitido do Servizo de Promoción do Emprego, Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, con rexistro de entrada neste concello co nº 1057 con data 06/07/2012, no que se comunica a concesión de subvención Expte.: TR351A 2012/30-1 para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais, segundo as seguintes características:

Servizo subvencionado: Socorrista

Importe total da subvención concedida: 2.883,46 euros.

Data de inicio	Núm. Traba	Ocupación	Grupo Cotizac.	Modalidade contractual	Duración contrato (meses)	Xornada (%)	Custos Subvenc. S. Social	Custos Salariais Subvenc.
Antes do 02/10/12	1	Socorrista	8	Obra/Servizo (interese social)	2	50	711,36	2.172,10
					TOTAIS		711,36	2.172,10

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan iniciar os trámites para súa tramitación.

2.1.4.- ESCRITO DA DIRECCION XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DA SOBRE RESOLUCIÓN DA SUBVENCIÓN SOBRE A REPARTICION DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Administración Local de entrada nº. 982 con data 29/06/2012 no que se comunica a concesión de subvención de 8.799,97 € para “Subministro de colectores para recollida de lixo”.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.5.- RESOLUCIÓN DO 5 DE XULLO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA PUBLICADA NO DOG Nº 130 DO 09/07/2012 DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS.

Pola secretaria dáse conta da Resolución do 5 de xullo de 2012 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no DOG nº 130 do 9 de xullo de 2012, pola que se lles dá publicidade ás axudas concedidas das solicitudes presentadas ao abeiro da Resolución do 4 de xaneiro de 2012, da Secretaría Xeral da Igualdade destinadas a entidades locais para a promoción da igualdade para o ano 2012, outorgándolle a este Concello unha axuda de 1.404,00 € a través do programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero (liña 2) para o desenvolvemento da actuación PREVENCIÓN, SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO NA SOCIEDADE.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- PUBLICACIÓN NO DOG Nº 140 DE DATA 23/07/2012 DAS AXUDAS CONCEDIDAS AO ABEIRO DA ORDE DO 23 DE DECEMBRO DE 2011, DESTINADAS A SUBVENCIÓN A REALIZACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE USO PÚBLICO EN ÁMBITOS URBANOS E RURAIS POR PARTE DOS CONCELLOS.

Pola secretaria dáse conta da publicación no DOG nº 140 de data 23/07/12 da Resolución do 10 de xullo de 2012, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2011, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, destinadas a subvencionar a realización de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais por parte dos concellos de Galicia, cofinanciadas con fondos Feder, non figurando como beneficiario este Concello, que tiña solicitada unha axuda de 40.000,00 € para a realización da obra “Mellora de infraestruturas urbanas na praza da Gándara”, cun orzamento total de execución de 50.000,00 €uros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.7.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE INADMISION A TRAMITE DA AXUDA SOLICITADA PARA O FOMENTO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO PARA O ANO 2012.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, rexistro de entrada 1162 de data 20/07/2012, onde se comunica a resolución de inadmisión a trámite de axuda solicitada por este Concello para o fomento e realización de actividades dirixidas a Entidades de Acción Voluntaria ao abeiro da Orde do 15 de maio de 2012 debido a que a referida convocatoria de axudas non contempla crédito para as entidades locais.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- DACIÓN DA DENUNCIA REALIZADA POLOS FUNCIONARIOS PERTENCENTES Á SECCIÓN DE INVESTIGACIÓN DA UNIDADE DO CORPO NACIONAL DE POLÍCIA ADSCRITA Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA CONTRA D. JOSÉ MANUEL DE LA FUENTE SÁNCHEZ

Pola secretaría dáse conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, rexistro de entrada 1079 de data 11/07/2012, onde se achega denuncia realizada polos funcionarios pertencentes á Sección de Investigación da Unidade do Corpo Nacional de Policía contra D. José Manuel de la Fuente Sánchez, en calidade de propietario e administrador do taller mecánico “San Fins S.L.”, por carecer de licenza municipal de apertura.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan remitir certificación das licenzas de obra e de instalación a tratar nesta Xunta de Goberno Local, de ser outorgadas, estando pendente a de apertura así como certificación deste acordo.

2.1.9.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DE SOCORRISMO ANUALIDADE 2012.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de promoción económica, rexistro de entrada n.º 1015 de data 03/07/2012 no que comunica a aprobación da concesión da subvención correspondente ao programa de convocatoria do programa de socorrismo dirixido aos concellos da provincia anualidade 2012:

Orzamento	Solicitado	Coef.	Concedido	Mín. Xustif.
3.747,51	2.998,00	0,80	2.998,00	3.747,50

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as

2.1.10.-RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN PRESTACIÓN, IMPLANTACIÓN E FUNCIONAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS (ANO 2012).

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada n.º 1086 de data 13/07/2012 no que comunica a resolución de aprobación do convenio de colaboración con concellos da provincia en garantía da prestación, implantación e funcionamento de servizos sociais municipais (ano 2012), outorgándolle a este Concello os importes que a continuación se detallan:

<u>Módulo I/II</u>	Traballador/a Social:	13.915,53 €
<u>Módulo III</u>	Técnico/a grado medio XC:	6.422,55 €
<u>Módulo IV</u>	Auxiliares de axuda no fogar:	17.643,83 €
	Achega total:	37.981,91 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.11.- COMUNICACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DE ABOAMENTO DO SEGUNDO PRAZO DO CONVENIO DE SERVIZOS MUNICIPAIS DO ANO 2011.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada n.º. 1003 con data 02/07/2012 no que se comunica a resolución de aboamento do segundo prazo (25%) pendente de aboar, do convenio de servizos sociais do ano 2011 por importe de 6.489,00 €uros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.12.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN FORMALIZACIÓN DE CONVENIO CREACIÓN SERVIZO LINGÜÍSTICO ANUALIDADE 2012

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada pola Deputación Provincial, Unidade Técnica de Normalización Lingüística, rexistro de entrada 1012 con data 03/07, na que comunica a resolución de aprobación de formalización de convenios 2012 coas entidades BOIMORTO+SOBRADO+MESIA, por importe de 6.000,00 euros para o financiamento de creación do servizo lingüístico.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.13.- OFICIO COMUNICACIÓN PROCEDEMENTO 18/2008 DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3 DA CORUÑA.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 3 da Coruña, rexistro de entrada nº. 1092 con data 13/07/2012 no que se comunica que se deixou sen efecto a obrigación de informar cada quince días do estado de execución da sentenza ditada no procedemento ordinario 18/2008 por haberse acordado o arquivo das actuacións.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- ESCRITO DE D. RAMÓN MARIÑO LÓPEZ, EN REPRESENTACIÓN DA SOCIEDADE CIVIL “ALGARIA-PRIORATO, S.C.”

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Ramón Mariño López, en representación da Sociedade civil “Algaria-Priorato, S.C.”, con número de rexistro de entrada neste Concello 1108 en data 16/07/2012 no que denuncia que as reses de gando vacún e lanar da explotación gandeira da que é titular a Sociedade Civil están a ser acosadas e agredidas, frecuentemente, por cans que andan soltos pola parroquia adiante (en total son cinco, tres están identificados) e SOLICITA:

<<Que, antes de recurrir a instancias superiores, o Concello de Boimorto tome as medidas axeitadas para solucionar urxentemente esta situación. Que emprenda as accións precisas para identificar os outros dous cans e aplicarlles as mesmas medidas resolutorias.>>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

Primeiro.- Requerir aos propietarios D. José Peteiro Cajide, D. José Mejuto Varela e D. Luis Parga Civeira o cumprimento das súas responsabilidades e dilixencia no coidado dos cans en función do artigo 1905 do Código Civil que di:

“Artículo 1905

El poseedor de un animal, o el que se sirve de él, es responsable de los perjuicios que causare, aunque se le escape o extravíe. Sólo cesará esta responsabilidad en el caso de que el daño proviniera de fuerza mayor o de culpa del que lo hubiese sufrido.”

E tendo en conta o 631.1 da Lei orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal que di:

“Artículo 631.

1. Los dueños o encargados de la custodia de animales feroces o dañinos que los dejaren sueltos o en condiciones de causar mal serán castigados con la pena de multa de uno a dos meses.

2. ”

Segundo.- Solicitar comprobación dos feitos denunciados polos servizos municipais e identificación dous outros propietarios dos cans.

Terceiro.- Notificar aos propietarios así como ao denunciante aos efectos oportunos.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓN

3.1.- LICENZAS

3.1.1.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE PARA LEGALIZACIÓN DUN TALLER DE REPARACIÓN E VENDA DE MAQUINARIA AGRÍCOLA NO LUGAR DE CORREDOIRAS, PARROQUIA DE ÁNXELES, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ MANUEL DE LA FUENTE SÁNCHEZ

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. José Manuel de la Fuente Sánchez, con domicilio a efectos de notificacións en Cornado 8, San Fins de Sales, Vedra, A Coruña, provisto do DNI núm. 33204622M, solicitude con rexistro de entrada no concello 1402 con data 22/10/2010, para o proxecto de legalización dun taller de reparación e venda de maquinaria agrícola no lugar de Corredoiras, parroquia de Os Ánxeles, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Roberto Ozores Nine, colexiado número 2084, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos industriais da Coruña en data 15 de outubro de 2010 co número 3824/10; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo, solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de infraestruturas, situando a edificación na primeira das clasificacións.

Con data 22/11/2010 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións polo que o 09/02/2011 con rexistro de entrada número 169 presentouse proxecto de legalización da actividade dun taller de reparación de maquinaria agrícola redatado polo mesmo técnico e visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos industriais da Coruña en data 2 de febreiro de 2011, co número 384/11

Con data 16/04/2011 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións polo que o 25/04/2011 con rexistro de entrada número 505 presentouse anexo ao proxecto de legalización da actividade dun taller de reparación de maquinaria agrícola redactado polo mesmo técnico, e visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos industriais da Coruña en data 13/04/2011 con número 384/11

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 06/06/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Vistas advertencias do informe xurídico da Secretaría de data 26/07/2012

Vista a autorización sobre intervención no Camiño de Santiago da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo (expediente número 2011/132 CN) e incorporado ao expediente resolución ditada con data 02/05/2011 no que se resolve autorizar a legalización dun taller de maquinaria agrícola no lugar de Corredoiras, parroquia de Ánxeles.

Vista a autorización do Servizo de Infraestruturas da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da estrada AC-934 de data 01/07/2011, expediente número MT205H 2011/000010-1

Tramitada polo interesado solicitude de autorización do Organismo de Augas de Galicia (expediente DH.W15.29178) e incorporado ao expediente a resolución de data 9 de xullo de 2012 no que autoriza as obras, indicando condicionantes a ter en conta para realizar a mesma.

Tramitado procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado no Decreto 133/2008 de 12 de xuño, constando informe de compatibilidade de data 06/06/2011 así como informe de incidencia ambiental de data 17/08/2011 asinados por D. Ángel Delgado Cid.

Resultando que tramitado o procedemento de incidencia ambiental do Decreto 133/2008 da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en escrito con

entrada 800 de data 06/06/2012 remítese Ditame de Incidencia Ambiental, sen prexuízo do sinalamento de medidas correctoras oportunas.

Condicionando a licenza ao sinalado no informe dos servizos técnicos municipais e ao Ditame de Incidencia Ambiental remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Considerando, que o proxecto técnico e o anexo que o complementa reúnen os requisitos esixidos e que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente.

Considerando, que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto, non estando en contradición co disposto nos acordos e ordenanzas municipais sobre a matgeria, se respetan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vista a Lei 1/995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, así como as demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar licenza provisional de actividade a D. José Manuel de la Fuente Sánchez para o proxecto de “Legalización da actividade dun taller de reparación de maquinaria agrícola” redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Roberto Ozores Nine, colexiado número 2084, visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos industriais da Coruña en data 02/02/211 co número 384/11 e anexo con número de rexistro de entrada 505 en data 25/04/2011; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo, solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de infraestruturas, situando a edificación na primeira das clasificacións.

SEGUNDO.- A presente autorización de licenza provisional de actividade estará condicionada ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza e anexo e autorizacións sectoriais indicadas nos considerandos deste acordo, así como as establecidas nos informes técnicos que constan no expediente e indicados neste acordo, así como as contidas noutros informes de autorizacións sectoriais, sometendo a licenza provisional de actividade ás seguintes condicións:

.- Estará condicionada ao recollido no Ditame de Incidencia Ambiental de data 23/05/2012 escrito con entrada neste Concello nº 800 en data 06/06/2012 remitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

.- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais, condicionada a previa obtención de autorizacións sectoriais necesarias.

.- Deberase axustar as medidas correctoras que se contemplan no proxecto e anexo que o complementa presentado e ao sinalado no Ditame de Incidencia Ambiental.

.- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

.- Para poder obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

.- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

.- Con anterioridade a concesión da licenza definitiva de actividade deberá presentar a inscrición na Delegación Provincial da Consellería de Economía e Industria á que fai referenencia o artigo 4 do Decreto 347/1998, de 20 de novembro, polo que se modifica o Decreto 206/1994, de 16 de xuño, polo que se adapta a normativa vixente en materia de prestación de servizos en talleres de reparación de vehículos e dos seus equipamentos e compoñentes.

.- Os residuos perigosos serán entregados só a xestor autorizado específico de cada un deles (RD 833/1988, de 20 de xullo, RD 952/1997, de 20 de xuño, Lei 10/1998, de 21 de abril de Residuos). Para elo, con anterioridade a concesión da licenza definitiva de actividade deberá aportar contrato con xestor autorizado.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de taxa por licenza de apertura de establecemento en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto.

Base imponible superficie ocupada: 1.279,85 m²

Tipo de solo: núcleo rural

Tarifa: 1,00 €uros/m²

Cota a ingresar: **1.279,85 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recurso que poiden interpoñerse contra o mesmo.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidade e sancionador oportuno.

4.1.1.-LICENZA DE OBRA MENOR (LO 20/2012) PARA REPOSICIÓN DE CUBERTA DE FIBROCEMENTO E TELLA, BAIXANTES E CANALÓNS DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE PIÑEIRO, 2 PARROQUIA DE SENDELLE TRAMITADO A INSTANCIA DE DÑA. ANDREA TABOADA CARRIL.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de Dña. Andrea Taboada Carril, con DNI núm. 76474023N, e con domicilio para os efectos de notificación no lugar Piñeiro, 2 parroquia de Sendelle, pertencente a este termo municipal, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 650 de data 27/05/2012 para a reposición de cuberta de fibrocemento e tella, baixantes e canalóns da vivenda unifamiliar sita en Piñeiro, 2 Sendelle (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso) segundo memoria valorada redactada polo arquitecto técnico Dña María Fe García Liñeira.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 30/11/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

Vista a consulta descriptiva e gráfica de datos catastrais de bens inmobles de natureza urbana, a vivenda data do ano 1900.

Vista a autorización do Servizo de Vías e Obras Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, da estrada 0602 de data 23/02/2012

Tramitada pola interesada solicitude de autorización do Organismo de Augas de Galicia (expediente DH.W15.29529 e incorporado ao expediente a resolución de data 9 de xullo de 2012, no que autoriza as obras indicando condicionantes a ter en conta para realizar a mesma.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a Dna. Andrea Taboada Carril, con DNI núm. 76474023N (LO 20/2012) para a reposición de cuberta de fibrocemento e tella, baixantes e canalóns da vivenda unifamiliar sita en Piñeiro, 2 Sendelle (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso) segundo memoria valorada redactada polo arquitecto técnico Dna María Fe García Liñeira.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, ás seguintes condicións:

- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- Deberase axustar ao contido na autorización do Servizo de Vías e Obras Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, da estrada CP 0602 de data 23/02/2012
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais necesarias e supeditada ós condicionamentos xerais e particulares da autorización sectorial do Organismo de Augas de Galicia que consta no expediente.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: **10.071,60 €uros.**

Liquidación 2%: **201,43 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 21/2012) E LICENZA PROVISIONAL DE MODIFICACIÓN DE LICENZA DE ACTIVIDADE DEFINITIVA PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE PAVOS NO LUGAR DE BARRAL, PARROQUIA DE MERCURÍN, TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. LUCÍA PAZOS BALADO.

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 28/05/2011, nº de rexistro de entrada 749 por Dna Lucía Pazos Balado, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Igrexa, nº 3, Campo, Arzúa, A Coruña, provisto do DNI núm. 32748736W, que presentou ante o Concello de Boimorto “Proxecto de nave para ampliación de pavos” e “Anexo a proxecto de nave para ampliación de explotación de pavos”; redactados polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes, colexiado número 395 e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrícolas co número 465/11 de datas 30/08/2011 e 31/10/2011 respectivamente; presentando o oficio de dirección de obravizado, parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección forestal e afectada pola zona de policía de augas.

Visto que a explotación conta con licenzas definitivas de actividade concedidas por decreto da alcaldía con data 21/11/2005 expediente número 29/2000 e pola Xunta de Goberno Local con data 26/04/2012 expediente número 83/2005

Tramitada pola interesada solicitude de autorización do Organismo de Augas de Galicia (expediente DH.W15.29433) e incorporado ao expediente a resolución de data 9 de xullo de 2012, no que autoriza as obras, incicando condicionantes a ter en conta para realizar a mesma.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 12/06/2012 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de secretaría de data 26/07/2012 e o compromiso por parte da interesada de execución dos servizos e de inscrición no Rexistro da Propiedade (artigo 42 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia)

Condicionando a licenza ao sinaldo nos informes de Secretaría-Intervención e do servizo técnico municipal nos que se sinala que segundo a documentación prsntada esta actividade aumentaría aos animais presentes na explotación en 2.700, alcanzando un total de 23.700 pavos, polo que non acadaría os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008 para cualificar como substancial a ampliación pretendida, polo que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2.b) da Lei 9/2002 e deberanse ter en conta as medidas correctoras sinaladas no propio proxecto.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a Dna. Lucía Pazos Balado, con DNI núm. 32748736W (LO 21/2012) conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo para a ampliación de explotación de pavos en Barral-Mercurín (solo rústico de protección forestal) segundo proxecto e anexo presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes, colexiado nº 395 e visados polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas 465/11; non considerándose necesario a autorización previa de Urbanismo, sendo director de obras D. Eladio López Montes, enxeñeiro técnico agrícola colexiado nº 395 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo, visado co número 465/11.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais necesarias e supeditada ós condicionamentos xerais e particulares da autorización sectorial do Organismo de Augas de Galicia que consta no expediente.
- .- As obras deben axustarse ao establecido no artigo 76 do PXOM de Boimorto (salvo distancias por ser ampliación de explotación existente) e 40 e 31 sobre condicións particulares para edificacións en solo rústico, sendo necesario condicionar a licenza a situar a liña de edificación a 6 m medidos dende o eixo da vía de III de titularidade municipal así como o disposto no artigo 42.1 a) e e) da Lei 9/2002.
- .- De conformidade co disposto nos artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinala construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- .- As obras deberán comezar no prazo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos dende a data de outorgamente da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

TERCEIRO.- Outorgar licenza provisional de modificación de licenza de actividade definitiva a Dna. Lucía Pazos Balado conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo para “Ampliación de explotación de pavos en Barral-Mercurín”.

CUARTO.- Someter a licenza provisional de actividade de modificación de licenza de actividade definitiva ás seguintes condicións:

- .- Estará condicionada a que non aumente o número de cabezas de gando xa que segundo o artigo 3 do Decreto 133/2008 de acontecer así poderíase estar ante unha modificación substancial nos termos do artigo 3 e o cumprimento do decreto 1084/2005 de 16 de setembro de ordenación de avicultura de carne.

- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais.

- Deberase axustar as medidas correctoras que se contemplan no proxecto presentado.

- A licenza de actividade provisional debe cumprir o recollido no artigo 40 do PXOM de Boimorto para uso de categoría 2 así como o cumprimento das medidas correctoras contidas no acordo sobre cualificación de actividade de medioambiente facendo constar:

así como o cumprimento de medidas correctoras contidas no proxecto e farase constar que en relación coa ampliación da actividade:

- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

- Para poder obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

